

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	TRICASTELA
Edificio	Igrexa de Santa María de Vilavella
Dirección	Lugar de Vilavella, 19. 27632
	42.759098 -7.210956
Protección	
Descricion	<p>Santa María de Vilavella é, en realidade, a Triacastela que menciona o Códice Calixtino no seu Liber Peregrinationis, vila que tiña o seu final a undécima etapa do Camiño Francés, tal e como a describe Aymeric Picaud, autor da obra. A igrexa parroquial (que existía xa no século X, baixo a advocación de Santa María e San Paio) domina o casarío dende unha pequena elevación que condiciona a disposición dos tres corpos do edificio: un amplo pórtico ou nártice, a nave central a a ábsida, a parte máis antiga do templo. A separación entre o presbiterio e a nave marcaa un amplo arco triunfal. A espadana ten unha base moldurada sobre a que se apoia un corpo rectangular con dous ocós para as campás, coroado con frontón triangular e pináculo con cruz.</p> <p>O edificio ten rexos muros de cachotaría e cuberta de lousa sustentada por unha armazón de traves e tirantes de madeira. No interior, o retablo maior, neoclásico e de dous corpos e tres faixas, está presidido pola imaxe da Virxe. Este retablo está acompañado por outros dous laterais, barrocos, ambos co brasón nobiliario da próxima Casa de Pacios. Todos eles presentan un bo estado de conservación e unha colorida policromía. Un deles, o do lateral sur, nun nicho, mostra a San Roque, ataviado como peregrino xacobeo. O curioso altar maior está soportado actualmente polo que foi unha antiga pía bautismal de granito, reutilizada no pasado para tal fin.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	Panel sinaléptico do lugar.
Data	09-03-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor	BLANCO LEMOS, ANTONIO		55	96

Espadana	Maior	BLANCO LEMOS, ANTONIO		60	125
----------	-----------------------	---	--	----	-----

Información completa: [Igrexa de Santa María de Vilavella - TRIACASTELA \(GALICIA\)](#)

PDF (13-06-2026)